

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA TRES DE NOVIEMBRE DE 2009, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e quince minutos do día tres de novembro de dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte e sete de outubro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 1.819/09 de don Jesús López Ferradáns

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a construción dun cerramento con bloques, de aproximadamente 11 mts de lonxitude, no lugar de Sete, en solo de núcleo rural (N1) segundo o PXOM

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 4,00 mts dende o vial; debido á complexidade da delimitación da aliñación nesta zona, recoméndase que esta sexa marcada polo concello; garantírase o natural discorer das augas, e en caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó comezo das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o peche de fábrica irá revestido e pintado de maneira

que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,50 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#)

2.2.- Instancia num. 1.841/09 de don Manuel Jesús Campelo Sende

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vilanova, solicita licenza para a construción dun peche de finca con base de bloques, postes e arame, de aproximadamente 42 mts de lonxitude, no lugar de Francés, en solo rústico agrícola (R-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 mts de distancia dende o eixe do vial municipal por ser un vial IV en solo rústico; garantirase o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó comezo das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,00 mts


Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de vinte e seis euros con trece céntimos (#26,13#)

2.3.- Instancia num. 1.879/09 de dona Zulema C. García Campos

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a construción dun cerramento con base de bloques, postes e arame, de aproximadamente 210 mts de lonxitude, no lugar de Trasariz de Abaixo, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) e solo rústico de protección agropecuaria (R-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 mts de distancia dende o vial; garantirase o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas, deberá obter previo ó inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts na zona de núcleo e de 1,00 mts no solo rústico

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento trinta euros con sesenta e seis céntimos (#130,66#)



2.4.- Instancia num. 1.831/09 de don Roberto Vales Lobato

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para o acondicionamento de local para oficina, situado no lugar de Galegos , en solo urbano (U-2) residencial de media densidade en tipoloxía mixta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Jorge Vales Fernández cun orzamento de 31.181,58 euros

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión de licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo levar a cabo as obras de acordo co proxecto presentado.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de seiscientos vinte e tres euros con sesenta e tres céntimos (#623,63#)

3º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

3.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data catorce de outubro do ano que andamos, pola que por mor da redución dos usuarios do servizo de axuda no fogar ordénase a redución da xornada de traballo das auxiliares dona Josefina López Carballo e dona M^a. Carmen Iglesias Parada a 30 horas semanais e a dona Pastora Rendo Rial a 25 horas semanais

A Xunta de Goberno dáse por enterada

3.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trinta e un de outubro do ano que andamos, pola que se designa a don Santiago Iglesias Fernández, arquitecto e director da obra, como coordinador de seguridade e saúde da obra de Mellora e acondicionamento de parques infantís, incluída na 1ª fase do Plan Especial de Parques Infantís 2009, adxudicada á empresa Construcciones Lemos Martínez, S.L

A Xunta de Goberno dáse por enterada

3.3.-Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trinta e un de outubro do ano que andamos, pola que se aproba o plan de seguridade e saúde da obra Mellora e acondicionamento de parques infantis, presentado pola empresa Setec/Construcciones Lemos Martínez, S.L

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4º.- Outros asuntos

Non se presentan

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas

